

# 1. IDENTIFICACIÓN

**TÍTULO DA TAREFA**    **A ENERXÍA QUE MOVE O MUNDO**

<b>ETAPA</b>	Educación Primaria	<b>NIVEIS</b>	3º e 4º
<b>ÁREAS</b>	L. Castelá, L. Galega , CC. Naturais , CC. Sociais, Prox. Compet.	<b>MESTRES</b>	Beatriz Do Rego Silva e Alberto Pérez Ameneiro

## DESCRIPCIÓN DA TAREFA

Con esta tarefa levamos ao alumnado a coñecer e reflexionar sobre realidades e problemas da nosa sociedade e despois pensar posibles accións para mellorar o mundo.  
 Levamos isto a cabo mediante o produto final desta tarefa: a creación dun pequeno podcast para radio mentres traballamos os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) 7 e 9.



## XUSTIFICACIÓN DA TAREFA

Dar a coñecer os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible á comunidade educativa para facela partícipe. Neste caso, as temáticas serán a enerxía e innovación dende a vertente de responsabilidade, ecoloxía e xustiza social, coa finalidade de invitar a reflexionar e modificar o pensamento e, por conseguinte, levando a cabo actuacións que favorezan os obxectivos propostos.

## CONTEXTO

Ámbito “Club de Letras”.

## 2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	CRITERIOS AVALIACIÓN / OBXECTIVOS	INSTR. E PROCED. AVAL.
<p><b>1. PRESENTACIÓN</b> Usamos a técnica “folio xiratorio” para contextualizar a temática da tarefa.</p>	<p><b>LG.CA2.5.</b> Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística. (OBX3) <b>LC.CA4.1.</b> Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. (OBX6)</p>	<p>Rúbrica: observación e análise de producións e desempeños.</p>
<p><b>2. OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN</b> Usamos as técnicas de “lectura compartida”, “1-2-4” e “vexo-penso-pregúntome” para recoller información sobre o tema a tratar.</p>	<p><b>PC.CA1.3.</b> Identificar e seleccionar a información que se precisa. (OBX1)</p>	<p>Rúbrica: observación e análise de producións e desempeños.</p>
<p><b>3. ORGANIZACIÓN DA INFORMACIÓN</b> Usamos a técnica de “bubble map” para crear unha árbore sintetizando as ideas forza.</p>	<p><b>CN.CA3.2.</b> Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá. (OBX4) <b>CS.CA2.3.</b> Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana. (OBX4)</p>	<p>Rúbrica: observación e análise de producións e desempeños.</p>
<p><b>4. REVISIÓN E EXPRESIÓN</b> Lembramos e comunicar o traballado ata o momento.</p>	<p><b>CN.CA3.2.</b> Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá. (OBX4) <b>CS.CA2.3.</b> Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana. (OBX4)</p>	<p>Rúbrica: observación e análise de producións e desempeños.</p>
<p><b>5. REDACCIÓN DAS LOCUCIÓN</b> Usamos a técnica “lapis ao centro” para redactar as locucións, a cabeceira e a despedida.</p>	<p><b>LG.CA3.6.</b> Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación. (OBX5)</p>	<p>Rúbrica: observación e análise de producións e desempeños.</p>

<b>6. CREACIÓN DA ESCALETA</b> Creamos a escaleta do programa cos textos, tempo e música.	<b>PC.CA1.4.</b> Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. (OBX1)	Rúbrica: observación e análise de producións e desempeños.
<b>7. GRAVACIÓN DE AUDIO</b> Cada grupo grava os audios dos textos que lles corresponden.	<b>LG.CA2.6.</b> Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións. (OBX3) <b>CN.CA4.1.</b> Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. (OBX5)	Rúbrica: observación e análise de producións e desempeños.
<b>8. CREACIÓN DUN MURAL</b> Mentres un grupo grava o seu audio, os outros tres confeccionan un mural coa información traballada.	<b>PC.CA3.5.</b> Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. (OBX3)	Rúbrica: observación e análise de producións e desempeños.
<b>9. AVALIACIÓN</b> Avaliamos tanto o proceso coma o resultado final.	<b>LG.CA2.8.</b> Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos. (OBX10)	Rúbrica: observación e análise de producións e desempeños.
<b>10. ESCOITA E DIFUSIÓN</b> escoitamos o resultado do noso traballo e dámolo a coñecer aos demais.	<b>LG.CA4.2.</b> Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais. (OBX6)	Rúbrica: observación e análise de producións e desempeños.

## CONTIDOS ESPECÍFICOS

- Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Creación de textos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.
- Fontes de enerxía renovables e non renovables.
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Procuras guiadas de información na internet seguras e eficientes.
- Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.

## 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
1. PRESENTACIÓN	Proxección do vídeo “Descuberta do lume”.	Lectura grupal do libro “Y se hizo la luz”.	“Folio xiratorio”: escribir o diario enerxético.	
2. OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN	“Lectura compartida” sobre a historia das fontes de enerxía.	“1-2-4”: Que fontes de enerxía desenvolve o ser humano nese momento e por que?	“Vexo-penso-pregúntome”: gráfico consumo fontes de enerxía no mundo.	
3. ORGANIZACIÓN DA INFORMACIÓN	Recoller e organizar información específica. Usar un lector QR.	Reflexionar en grupo para sacar ideas xerais.	Completar “bubble map” para obter ideas.	
4. REVISIÓN E EXPRESIÓN	Poñemos en común o investigado ata o momento.			
5. REDACCIÓN DAS LOCUCIÓNS	Explicar a técnica dos lapis ao centro.	Cada grupo redacta un resumo da información que organizou para gravalo en audio posteriormente. Un grupo prepara a presentación do podcast e outro a despedida.	Facemos a corrección final en gran grupo. Cada un dos grupos lee a súa redacción final e os demais, por quendas fan aportacións.	
6. CREACIÓN DA ESCALETA	Cada grupo apunta nunha escaleta os elementos que irán aparecendo pola súa parte e o tempo que ocupan.			
7. GRAVACIÓN DE AUDIO	Cada persoa practica a súa locución na casa que leva da sesión anterior.	Cada grupo pasa pola zona de gravación de audio para gravar as súas voces.	Realizamos a montaxe final con todos os audios e música de fondo.	
8. CREACIÓN DUN MURAL	Mentres cada grupo vai gravando, os outros plasman de forma plástica a información traballada.			

<p><b>9. AVALIACIÓN</b></p>	<p>Avaliamos no caderno de equipo os compromisos persoais e os cargos.</p>	<p>Reflexionamos en gran grupo sobre as dificultades e os aspectos a mellorar.</p>	<p>Avaliamos no caderno de equipo o proceso da tarefa.</p>	<p>Cada participante cubre unha autoavaliación sobre a súa participación durante a tarefa.</p>
<p><b>10. ESCOITA E DIFUSIÓN</b></p>	<p>Escoitamos o resultado final do programa.</p>	<p>Colgamos o arquivo nas plataforma web de podcast e creamos un código QR.</p>	<p>Enviamos o acceso ao resto do colexio e ás familias para que poidan escoitalo.</p>	



## 4. ELEMENTOS METODOLÓXICOS

ACTIVIDADES	UBICACIÓN	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN	
1. PRESENTACIÓN	Sala multiusos 3º-4º EP	Gran grupo	Equipo informático, cadernos de equipo, vídeo, libro en pdf, ficha diario enerxético, lapis, gomas	1ª sesión: 60'	60' de 120'
2. OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN	Sala multiusos 3º-4º EP	4 grupos / Gran grupo	Equipo informático, texto en partes, ficha 1-2-4, ficha gráfico consumo, lapis, gomas	1ª sesión: 60'	120' de 120'
3. ORGANIZACIÓN DA INFORMACIÓN	Sala multiusos 3º-4º EP	4 grupos / Gran grupo	4 tablets, fichas QR, fichas "bubble map", lapis, gomas	2ª sesión: 40'	40' de 120'
4. REVISIÓN E EXPRESIÓN	Sala multiusos 3º-4º EP	Gran grupo		2ª sesión: 30'	70' de 160'
5. REDACCIÓN DAS LOCUCIÓN	Sala multiusos 3º-4º EP	4 grupos / Gran grupo	Folios, lapis, gomas	2ª sesión: 90'	160' de 160'
6. CREACIÓN DA ESCALETA	Sala multiusos 3º-4º EP	4 grupos / Gran grupo	Fichas escaleta, lapis, gomas	3ª sesión: 40'	40' de 160'
7. GRAVACIÓN DE AUDIO	Sala multiusos 3º-4º EP	4 grupos	Equipo informático e de gravación de audio, escaletas	3ª sesión: 80'	120' de 120'
8. CREACIÓN DUN MURAL	Corredor 3º-4º EP	4 grupos	Fotocopias, lapis, gomas, rotuladores, ceras	3ª sesión: 80'	120' de 120'
9. AVALIACIÓN	Sala multiusos 3º-4º EP	Gran grupo	Equipo informático, paneis, rotuladores pizarra, cadernos de equipo, fichas avaliación individual, lapis, gomas	4ª sesión: 120'	120' de 160'
10. ESCOITA E DIFUSIÓN	Sala multiusos 3º-4º EP	Gran grupo	Equipo informático, programa de audio editado, plataforma web	4ª sesión: 40'	160' de 160'

## 5. AVALIACIÓN

ASPECTOS	PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
TRABALLO EN EQUIPO E APRENDIZAXES (alumnado)	Observación e análise de producións e desempeños	Rúbrica ( <i>instrumento 1</i> )
AUTOPERCEPCIÓN DO TRABALLO EN EQUIPO (alumnado)	Reflexión individual (autoavaliación)	Rúbrica ( <i>instrumento 2</i> )
PRÁCTICA DOCENTE (profesorado)	Reflexión individual (autoavaliación)	Lista de cotexo ( <i>instrumento 3</i> )
DESEÑO DA TAREFA (profesorado)	Reflexión individual (autoavaliación)	Lista de cotexo ( <i>instrumento 4</i> )



# INSTRUMENTO 1: RÚBRICA. TRABALLO EN EQUIPO E APRENDIZAXES (alumnado)

		C. AVAL.	4	3	2	1
TRABALLO EN EQUIPO	1 ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO?	LG.CA2.5 LG.CA2.8	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes as súas.	Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo.
	2 PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO CO GRUPO?	LG.CA2.6 LG.CA2.8 LG.CA4.2	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual, durante toda a actividade e con actitude proactiva.	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.	Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.	Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado.
	3 PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO?	LG.CA2.8	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuosa e non invasiva.	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.	Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo.	Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece.
	4 RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORAMENTO?	LG.CA2.5 LG.CA2.8	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.	Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra.	Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervénnas quendas doutras persoas.
COMPRESIÓN/EXPRESIÓN	5 É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS?	CN.CA3.2 CS.CA2.3	É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir destes.	É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.	É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos.	Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos.
	6 É QUEN DE COMPRENDER UN TEXTO ESCRITO OU ORAL?	LC.CA4.1 PC.CA1.3	É quen de comprender un texto escrito e un oral sen apoio, identificar a información precisa e sintetizala de xeito coherente.	É quen de comprender a maior parte dun texto escrito e un oral sen apoio e identificar a información precisa.	É quen de comprender un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de comprender un texto escrito e mostra dificultades cun oral.



<p><b>7 É QUEN DE PRODUCIR UN TEXTO ESCRITO OU ORAL?</b></p>	<p>LG.CA3.6 PC.CA1.4 PC.CA3.5 CN.CA4.1</p>	<p>É quen de producir un texto escrito e un oral coherente, axeitado comunicativamente e planificado.</p>	<p>É quen de producir un texto escrito e un oral, case sen apoio, coherente e axeitado comunicativamente.</p>	<p>É quen de producir un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.</p>	<p>Non é quen de producir un texto escrito e mostra dificultades cun oral.</p>
--	--	---	---	---	--

## INSTRUMENTO 2: RÚBRICA. **AUTOPERCEPCIÓN DO TRABALLO EN EQUIPO** (alumnado)

<p><b>NOME:</b></p>	<p>SEMPRE</p>	<p>ÁS VECES DESPÍSTOME</p> 	<p>A VECES SI, OUTRAS NON</p> 	<p>POUCO</p> 
<p>FIXEN AS TAREFAS CON BOA ACTITUDE</p>				
<p>PEDÍN AXUDA CANDO A NECESITEI</p>				
<p>AXUDEI AOS DEMAIS CANDO PEDÍAN AXUDA</p> 				
<p>ESCOITEI SEN MOLESTAR</p>				
<p>ASUMÍN OS COMPROMISOS</p>				

# INSTRUMENTO 3: LISTA DE COTEXO. PRÁCTICA DOCENTE (profesorado)

	SI	NON
Deuse resposta ás principais necesidades do alumnado.		
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Fomentouse a motivación e implicación do alumnado nas actividades a través dunha linguaxe positiva.		
Conseguiuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Mantívoise unha colaboración e coordinación real entre o profesorado implicado.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
Implicouse ás familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.		
A temporalización das accións foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Respondeuse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha valoración diaria ou semanal (de maneira informal) das actividades realizadas e dos aspectos de mellora.		
Construíronse os equipos cooperativos cos criterios propios da aprendizaxe cooperativa.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadores para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
Dedicouse un tempo para a avaliación da aprendizaxe e da autoavaliación.		
O produto final da tarefa resulto significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		



# INSTRUMENTO 4: LISTA DE COTEXO. DESEÑO DA TAREFA (profesorado)

	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características e necesidades do contexto real da aula e respecta a atención á diversidade.		
As actividades deseñadas atópanse na Zona de Desenvolvemento Próximo (ZDP) do alumnado.		
Os obxectivos redactados foron os axeitados para poder ser acadados con éxito.		
Alcanzáronse os principais obxectivos propostos.		
Traballáronse todos os estándares de aprendizaxe seleccionados na planificación da tarefa.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación resultaron prácticos e eficaces.		
Existe coherencia entre todos os elementos que compoñen a tarefa.		
Os recursos estipulados foron axeitados e de fácil acceso.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
Está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		
Existe claridade na linguaxe utilizada no seu deseño e planificación.		